



Concello de Meaño

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Convocatoria da Mesa de contratación no expediente de contratación da obra “**Ampliación e pavimentación do vial A Pedreira – Barreiro – Picón (Tramo 1)**”.

EXPEDIENTE: 783/2020

Publicada, o día 8 de xuño de 2021, na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e na páxina Web do Concello de Meaño a convocatoria de licitación, mediante procedemento aberto simplificado, varios criterios de adxudicación, da contratación da obra “**Ampliación e pavimentación do vial de A Pedreira – Barreiro – Picón (Tramo 1)**”, cun prazo de presentación de ofertas de 20 días naturais contados a partires do seguinte ao da inserción do anuncio de licitación no perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, en virtude do Prego de Cláusulas administrativas particulares que rexe nesta adxudicación.

Rematando o prazo de presentación de ofertas ás 10:00 horas do día 29 de xuño de 2021; esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, RESOLVE:

1º Convocar como membros da Mesa de contratación, que asistirá ao órgano de contratación na adxudicación da obra “**Ampliación e pavimentación do vial A Pedreira – Barreiro – Picón (Tramo 1)**”, segundo se sinala na cláusula décimo cuarta do Prego de Cláusulas Económico-administrativas particulares que rexen nesta contratación, a D^a M^a Teresa Escudero Barral, secretaria-interventora, D^a M^a Mar Pereira García, técnico medio de Administración Xeral, D^a Evangelina Vea Espiña, arquitecta técnica municipal e D. Antonio Vázquez Rosales como vocais e D^a Trinidad Lorenzo Lema, auxiliar administrativa, como secretaria.

2º Convocar aos membros da Mesa de Contratación, para a constitución e apertura das propostas presentadas, para o día 7 de xullo de 2021 ás 09:30 horas, na Casa Consistorial de Meaño.

3º Publicar a presente convocatoria na plataforma de Contratos Públicos de Galicia e na páxina Web do Concello de Meaño.

Manda e asina o Sr. alcalde Carlos Vieitez Fernández, en Meaño, ante a secretaria-interventora M^a Teresa Escudero Barral, do que dou fe.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

